

NOTA ACLARATORIA da Resolución do 9 de xuño de 2020 da Fundación Galicia Europa pola que se convoca unha bolsa para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación (código de procedemento PR770M)

A Subdirección Xeral de Relacións coa Unión Europea como órgano instrutor do procedemento PR770M quere facer as seguintes aclaracións en canto á documentación necesaria que hai que presentar co fin de solicitar as bolsas:

Título académico

O órgano instrutor pode consultar o título académico, **excepto** si este non fose aínda expedido, nese caso é necesario presentar copia do pagamento dos dereitos para a súa expedición.

Méritos. Requisitos xerais

Os méritos que non estean acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes **non se terán en conta** e non procederá o requirimento para a emenda da solicitude. Non é suficiente con presentar o anexo III. Os méritos deben estar acreditados.

Méritos. Requisitos específicos

Expediente académico

O órgano instrutor **non pode comprobar o expediente académico**, polo que é necesario presentar copia da certificación académica dos estudos realizados, na que consten as materias cursadas, as cualificacións obtidas e a **nota media do expediente**. De non presentar dita copia, o expediente académico non se terá en conta na fase de valoración.

Coñecemento do idioma galego (Celga 4, Celga 3)

O órgano instrutor pode consultar os certificados de Celga 4 e Celga 3 se a persoa solicitante se presentase as probas convocadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

En calquera outro caso, o órgano instrutor non pode consultar os certificados, polo que é necesario presentar copia da certificación que acredite o Celga 4 ou Celga 3. Por exemplo, no caso de que a persoa solicitante cursarse o bacharelato nalgún instituto de ensinanza secundaria da C.A. de Galicia, debe presentar copia da certificación emitida pola secretaría na que conste o nivel de competencia en lingua



galega. De non presentar dita copia, o coñecemento do idioma galego non se terá en conta na fase de valoración.

Coñecemento doutros idiomas

O órgano instrutor non pode consultar os títulos, certificados ou diplomas de idiomas, nin sequera os expedidos pola Escola Oficial de Idiomas ou outra entidade pública, polo que é preciso presentar copia do documento que acredite o nivel de linguas.

Ademais, recordáselles as persoas solicitantes que é necesario acreditar, para participar no proceso selectivo, polo menos o nivel B2 en lingua inglesa e o nivel B2 nalgunha das linguas oficiais de Galicia (só para aquelas persoas que estean no suposto de ter que acreditar a súa residencia en Galicia polo menos dende os dous anos anteriores a publicación da convocatoria)

Cursos

Non se terán en conta aqueles cursos que non acrediten as horas de duración ou os inferiores a 20 horas lectivas, nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

Tampouco se valorarán os cursos e idiomas que formen parte do plan de estudos dunha titulación académica.

Presentación telemática da solicitude e documentación xustificativa

A solicitude e a documentación complementaria **presentaranse obrigatoriamente** a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> (procedemento [PR770M](#)), ordenadamente segundo a relación que figura na convocatoria e nomeando cada arquivo de maneira que permita identificar o seu contido.

